



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2019								
Lugar de reunión	AULA C5			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	6_2018/19	Data	12-09-2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:0		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>2. Calendario escolar.</li> <li>3. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de club de lectura 2019.</li> <li>4. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de contrato programa 2019.</li> <li>5. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de “Espazos maker 2019/20</li> <li>6. Informacións de matrícula.</li> <li>7. Informacións inicio de curso.</li> <li>8. Aprobación actividades curso 2019/20</li> <li>9. Rogos e preguntas.</li> </ol>								
Asistentes	<p>DIRECTOR:Euloxio Santos Leites.XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.Angel Suárez Ríos</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO:Ces García, Santiago, Montserrat Paz Núñez,Seara Escudero, Santos,Garrido Vilariño, Xoán Manuel Fernández Cortés, Mª Carmen,Magariños Rey, Mª Jesús,Rodríguez Nieto, Mónica,</p> <p>PAS Vázquez Salgado, Ángeles</p> <p>PAIS/NAIS: Dotras Botas, Marta.Prieto Morgadas Araceli, Mª Mar Cerviño Escaneo</p> <p>ALUMNOS/AS:</p> <p>CONCELLO:</p>								

## Temas tratados

No **primeiro** punto da orde do día, a secretaria Mercedes Couto, dá lectura á acta do Consello escolar do día 26 de xuño de 2019 e apróbbase por unanimidade.

No **segundo** punto da orde do día, o Director presenta o calendario do curso escolar, cuxo borrador foi enviado por correo electrónico coa convocatoria do Claustro. Basicamente contempla o seguinte:

- ESO e Bacharelato comezan as clases o día 16. Ciclos e FPB o día 17 de setembro.
- As vacacións de Nadal irán de 21 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos os dous inclusive.
- As de Semana Santa , van do 4 ó 13 de abril, ámbos os dous inclusive.
- Entroido os días 24,25 e 26 de Febreiro.
- O día do Ensino é o 31 de outubro.

Este curso hai que elixir 2 días de disposición do centro, debido a que os dous festivos locais coinciden en días non lectivos. As posibilidades son: 20 de marzo e 15 de maio. Acórdase que un dos días sexa o 20 de marzo e o outro esperar a que decida o claustro.

No **terceiro** punto da orde do día, o Director informa que está aberto o prazo para acollerse ás axudas dos “Clubs de lectura 2019” convocados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Con tal motivo, infórmase do proxecto para este curso e a continuación sométese á votación. Apróbbase por unanimidade este proxecto e a súa solicitude. Tamén se dá conta da participación no programa “Club de letras” próximo a convocarse.



No **cuarto punto** da orde do día infórmase que está aberto o prazo para solicitar contratos programa para o curso 2019/20, proponse solicitar de novo un da modalidade 3 de mellora da convivencia. Sométese a votación. Apróbase por unanimidade.

No **quinto punto** da orde do día infórmase que está aberto o prazo para solicitar participar na convocatoria de espazos maker para o curso 2019/20, proponse solicitar a participación no mesmo. Sométese a votación e apróbase por unanimidade.

No **sexto** punto da orde do día, o Director informa da situación da matrícula nos diversos cursos:

- ESO: 4 vacantes en 1º, 7 vacantes en 2º, 2 en 3º e 12 en 4º.
- BACHARELATO ARTES: 8 vacantes no grupo da tarde. En 2º hai 14 vacantes no grupo de tarde.
- BACHARELATO CIENCIAS: Hai 22 vacantes e 13 en 2º.
- CICLOS: A matrícula está completa en todos excepto nos ciclos de edificación.

No **sétimo** punto da orde do día, infórmase das seguintes novidades: marcha das obras da cuberta e repercusión da mesma nos recreos, recepción dos cartos do programa eduexchange de intercambio con Francia.

No **octavo** punto da orde do día danse a coñecer as actividades propostas para o curso 2019/20, entendendo que son unha relación inicial que pode ser modificada. Apróbase por unanimidade.

En rogos e preguntas, prodúcense as seguintes:

- Angeles Vázquez expón a problemática que existe coas claves de taquillas do alumnado.

## Acordos

- a. Aprobación do calendario escolar 2019/2020.
- b. Aprobación da solicitude de club de lectura para o curso 2019/20.
- c. Aprobación da solicitude de contrato programa para o curso 2019/20.
- d. Aprobación da solicitude de espazos maker para o curso 2019/20.
- e. Aprobación das actividades para o curso 2019/20.

Visto e prace moderador/a

Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a

Mercedes Couto García